



Módulo 3_Buscas

Unidade 2_Buscas no OPAC

- 1 INTRODUCCIÓN**
- 2 BUSCA SIMPLE**
- 3 BUSCA AVANZADA**
- 4 EXEMPLOS DE BUSCAS**
- 5 BUSCA DE EXEMPLARES**



1. INTRODUCCIÓN

Como vimos na unidade anterior, o buscador aloxado na intranet está deseñado para ser empregado fundamentalmente pola/o bibliotecaria/o.

Pero tamén existe un buscador en internet, o OPAC, que a disposición do público en xeral.

Os procesos de busca en ambos casos son moi semellantes, como imos ver.

1. BUSCA SIMPLE


No proceso de **BUSCA SIMPLE**, voltamos a empregar as palabras clave relacionadas co documento que se quere atopar.

Seguimos estes pasos:


1.- Accede ao OPAC da túa biblioteca.




2.- Introduce a palabra clave coa que queres realizar a busca e preme o botón Enviar. Podes facer unha busca xeral no catálogo da biblioteca ou escoller un filtro no menú despregable.



3.- O sistema amosará nunha táboa os rexistros bibliográficos atopados, os exemplares asociados a cada un deles e a súas dispoñibilidade.




4.- Para acceder ao detalle do bibliográfico, preme sobre o título do rexistro bibliográfico (destacado en azul). Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.



2. BUSCA AVANZADA

A busca avanzada permite localizar exemplares combinando diferentes filtros. Para realizala, segue estes pasos:

1.- Preme en **Busca avanzada** na parte superior da pantalla.



2.- Configura os criterios polos que quere filtrar a busca empregando os distintos campos dispoñibles: título, autoría, materia, ISBN...

A través das pestanas **Tipo de ítem** e **Tipo de material**, Koha permite realizar unha busca moito máis afinada. Dende a busca avanzada pódese realizar unha combinación dos distintos campos de busca.

Unha vez establecidos todos os filtros, preme o botón **Buscar**.



koha [Listas](#) [Ingresar na súa conta](#) [Historial de busca \[x \]](#)

Bibliotecas escolares de Galicia **Busca avanzada** | [Explorar por xerarquía](#) | [Nube de etiquetas](#)

[Inicio](#) > [Busca avanzada](#)

Busca por:

Autor

e Palabra clave

e Palabra clave

Tipo de item **Tipo de material**

Limitar a un dos seguintes:

Club de lectura Consulta en sala Itinerario Mochila
 Non prestable Prestable Préstamo especial

Rango de data de publicación Idioma Orden:

Rango de datas: Idioma: Ordear por:

Por exemplo: 1999-2001. Tamén pode usar "-1987" para todo o publicado en e antes de 1987, ou "2008-" para todo o publicado en e despois de 2008.

Audiencia Nivel académico



3.- O sistema amosará nunha táboa os rexistros bibliográficos atopados, os exemplares asociados a cada un deles, a súa localización e dispoñibilidade.

The screenshot shows the KOHA search results page. The search term 'ribeiro' has yielded 3 results. The results are listed in a table-like format with filters on the left.

Refine a súa busca	A súa busca tivo 3 resultados.
Autores	Relevancia
Ribeiro, João Manuel (2)	Seleccionar todo Limpar todo Facer reserva
Begoña G. Arce (1)	
Bolota (1)	
Elvira Ribeiro Tobío (1)	<input type="checkbox"/> Mar de mazá / Elvira Ribeiro Tobío
Gracián, Anxela (1)	por Elvira Ribeiro Tobío
Amosar máis	Publicación: Vigo : Galaxia 2020
	Dispoñibilidade: Exemplares dispoñibles para préstamo: Asesoría de Bibliotecas Escolares (1).
Lugares	★★★★★
N/A (3)	
Materias	<input type="checkbox"/> O señor Pésimo é o máximo João Manuel Ribeiro ; ilustracións e cuberta, Bolotá ; traducción de Anxela Gracián
N/A (2)	por Ribeiro, João Manuel
O mar Poesía (1)	Publicación: A Coruña Hércules de Ediciones 2017
	Descripción física: 54 p. il. 21 cm
Nivel académico	Dispoñibilidade: Exemplares dispoñibles para préstamo: Asesoría de Bibliotecas Escolares (1).
N/A (3)	★★★★★
Series	
Novas lecturas de Hércules (2)	
N/A (1)	

4.- Para acceder ao detalle do bibliográfico, preme sobre o título do rexistro. Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.

The screenshot shows the detailed view of the book 'Mar de mazá / Elvira Ribeiro Tobío'. It includes the book cover, title, author, and a table of available copies.

Mar de mazá / Elvira Ribeiro Tobío
por Elvira Ribeiro Tobío [autor]; Begoña G. Arce [ilustrador].

Tipo: Libro
Editor: Vigo : Galaxia , 2020
ISBN: 9788491515609.
Materias: O mar -- Poesía

Resumo: Se vés canda min heiche de amosar os segredos todos que atesoura o mar. Se segues o son destas rimas dondas sacaremos océanos e miraremos as ondas!

Etiquetas: Non hai etiquetas. Para engadir etiquetas inicie sesión na súa conta do catálogo.


★★★★★ valoración media: 0.0 (0 votos)

Exemplares (1)					
Tipo de ítem	Localización actual	Sinatura topográfica	Dispoñibilidade	Data de vencemento	Datos do exemplar
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares	82-P RIB tob	Dispoñible		




3. BUSCA POR XERARQUÍA

1.- Accedendo ao filtro de **Buscar por xerarquía** aparecerán a CDU xeral, coas denominacións de cada apartado, a súa cor e unha ilustración.



2.- Ao premer en cada código, accederás ao seu desglose.





3.- Escolle o código que che interesa premando nel.

4.- Para acceder ao detalle do bibliográfico, preme sobre o título do rexistro. Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.

Tipo de ítem	Localización actual	Sinatura topográfica	Número de volume	Disponibilidade	Notas	Data de vencemento	Datos do exemplar
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras	82 WIE die	1	Dispoñible	MALETA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA A		
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras	82 WIE die	1	Dispoñible	MALETA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA B		